

*Milagre é crer*



*Suso Díaz*



# **Milagre é crer**

365 + 1 poemas en forma de haiku

**Suso Díaz**



*na lareira, 2020*

© dos textos, Suso Díaz.

© da fotocomposición da portada –Rosa de pedra-,  
Pedro Díaz.

NON se autoriza a venda nin o uso comercial de  
ningún material desta obra.

Calquera uso deste material deberá contar coa  
autorización do autor e en todo caso será  
referenciado coa súa autoría.

Contacto: susodiazestevez[arroba]gmail[punto]com

Caderno: www[punto]susodiaz[punto]gal



## Nota do autor

Só no primixenio, na esencia vital do verso,  
reside a poesía.

Para min escribir adoptando esta forma poética do haiku é a maneira que teño de afondar no verso, de manter acceso o lume da escrita lírica, de pescudar na esencia da palabra os segredos do silencio, a alma dos sentimentos e vertelos en pequenas doses de versos. *Milagre é crer*, crer na poesía.

Este libro nace da necesidade de volver a forma do haiku despois dun tempo mergullado na creación de *O sol dentro da cabeza*, que me afastou dos poemas de tres versos.

Estes fragmentos de min, que agora ven a luz nos ollos doutras persoas que os recollan e fagan seus, ocupáronme un ano dende o 10 de setembro do 17, ao 9 de setembro do 18, día a día, ata sumar os 365 + 1 haiku que enchen este libro de poesía, e que é un util reflexo do que vivín, vin ou

sentín nese tempo, mais tamén nace coa intención de que estes poemas manteñan a carga poética máis alá do momento no que foron concibidos. Así debuxo, ao meu xeito, a vida, a beleza, o amor, o sentimento, as pequenas cousas que poden ser infindas en cada latexo; tamén lle escribo á lingua, a esta lingua que é o mellor verso co que nos agasallou a vida; aos lugares queridos, ao Ludeiros da infancia que me sostén, ao de agora, e a outros lugares dos que tamén nacen versos que van sumando para encher a vida; e dedico, dedico poemas a manter a memoria e tamén para agasallar a quen comparte a súa vida comigo; e escribo contra a barbarie e a sen razón, a deshumanización, e contra o fascismo que se multiplica.

Poesía é todo o que nos rodea e só agarda ser escrito, descrito e pintado en versos que alimenten as almas sensibles.

Brúe o sentimento sen fin!

*Aos meus fillos Sofía e Pedro.  
A MariPaz.*

## **Latexos de esencia poética**

**I**  
Notas de voz  
no presente calado  
onde me escribo.

**II**  
Sentir as xemas  
lenes de bolboreta  
sobor do amor.

**III**  
Na noite chea  
reflítense as candeas  
cada amencer.

**IV**  
Van pasenijo  
sobor do río seco,  
follas de outono.

V  
Latexa o monte  
preñado de chorimas.  
Minguan as noites.

**VI**  
Voa, anduriña!  
Preña o silencio do ar  
cun canto novo.

## VII

Pintan os teitos  
estelas de fartura  
co vento húmido.

**VIII**  
A dor repítese.  
Ábrese o ceo á luz  
que trae a pomba.

## **IX**

Na ardora espellan  
as paisaxes da fame  
súa fartura.

**X**  
Ardía o lume  
na lareira. O meiró  
no corazón.

## **XI**

O estraño vento  
envolveu de soidade  
os sentimentos.

**XII**  
Convoco á verba  
no fío dunha idea  
intelixíbel.

**XIII**  
Pinga a pesela  
o sangue da vendima  
sobor do outono.

**XIV**  
Compón a noite  
o seu espazo na luz  
desta outonía.

**XV**

Noites en van  
preso dun novo día  
de tempo vivo.

**XVI**  
Tremeluciente  
sentir duns ollos núos,  
apaixonados.

---

*Adicado a María Casares*

## XVII

Algún axóuxere  
treme o peito sen luz  
en primavera.

**XVIII**  
Contigo fun  
de esmorga pola rúa.  
Volvín sen min.

## **XIX**

Somos palabras  
recollendo sentires  
do noso pobo.

**XX**  
Depositarse  
nos pétalos do haiku  
para libares.

---

*Para Helena Villar Janeiro*

**XXI**

A núa fenda  
deste ceo baleiro  
empreña o vento.

**XXII**  
Cura a palabra  
a razón do silencio  
cando é ferida.

**XXIII**  
A democracia  
non se defende a paus.  
Gaña a palabra.

**XXIV**  
Non escoitamos  
a pregaria por nós.  
Almas sen luz.

**XXV**

Nostalxia en min,  
no pensamento núo,  
na pel ferida.

**XXVI**  
As verbas fican  
retidas na memoria,  
no berce amado.

**XXVII**  
Novos carreiros  
para os corazóns vivos,  
ermos de nós.

**XXVIII**  
Noso silencio  
afonda na lembranza  
que nos afasta.

**XXIX**  
Noso país  
é un verso inmorredoiro  
de doce son.

---

*A Rosalía de Castro*

**XXX**  
Nese acubillo  
de cada sentimento  
medran os versos.

**XXXI**  
Soñan os teitos  
ciscar gromos de inverno  
nun ceo acuoso.

## **XXXII**

Deitei na xeada  
toda necesidade  
de florecer.

**XXXIII**  
Medra o baleiro  
sobor do pensamento  
asolagado.

## **XXXIV**

Silencio, escribo.  
Escribo estos silencios,  
e nada digo.

**XXXV**  
Ardo por dentro.  
O pensamento é lume  
oxixenado.

**XXXVI**  
Preso ó tolete  
da luz, procuro o son  
morno dos beizos.

**XXXVII**  
Mundo inhumano  
incapaz de sentirse  
só natureza.

**XXXVIII**  
Almas en pé!  
Somos auga curando  
a dor da terra.

**XXXIX**  
Cortar este aire  
co silencio do outono  
e sen ferida.

**XL**  
Abrirse á dor  
para sentirse vivo.  
Outono morto.

**XLI**  
A natureza  
sente, padece, sofre.  
O home, mata.

**XLII**  
Medrar no verso  
co silencio de todas  
as verbas ditas.

### **XLIII**

Toda a paciencia  
agarda sobre a terra  
núa de tempo.

**XLIV**  
Sangrar sen fin.  
Sentir para sentirse.  
Vivir na escrita.

**XLV**

Coñezo o mundo  
albiscando o padal  
do berce inxenuo.

**XLVI**  
Pés de cristal.  
Camiñar no ar, sen ás.  
Chumbo nos pés.

**XLVII**  
Vermes do alén  
prenden no pensamento  
do miolo van.

**XLVIII**  
Penedos ocos  
enrolando mareas  
de bos devezos.

**XLIX**  
Ceos sen cor  
escriben estacións  
inexistentes.

**L**  
Caen poeiras  
de sol no outono seco,  
desfigurado.

**LI**  
Ferín a noite  
con luces desexosas  
de alumear.

**LIII**  
O río leva  
luz e día, no canto  
de pedra e terra.

**LIII**  
Sorteo a noite  
esfollando palabras  
sen súa voz.

**LIV**  
Florido outono  
de versos conxugados  
en ti, Sofía.

---

*Para Sofía*

**LV**

A auga despega  
o silencio da terra,  
escribe versos.

**LVI**  
Cantos ollares  
caben no primixenio?  
Todo por ver.

**LVII**  
O ceo chora  
sentimentos de vida,  
versos de outono.

**LVIII**  
Húmidos campos  
de verde resplendor.  
Ilusos ollos.

**LIX**  
Collido a ti,  
polos vieiros sen fin  
do sentimento.

---

*Para MariPaz*

**LX**  
Fica na terra  
a luz doutra estación  
sen tren, nin alma.

**LXI**

Terra mollada  
desexosa de luz.  
Corpo de outono.

**LXII**  
Soltar amarras.  
Deixarse ir coma follas  
libres no vento.

**LXIII**  
Negros sorrisos  
nas caras dos cativos  
sempre felices.

**LXIV**  
Espulgo as almas  
do cobizoso outono  
con viño e brasas.

**LXV**

Nestas engurras  
da terra endurecida,  
petrificada.

**LXVI**  
Troplexar  
polos vieiros sen fin.  
U-lo o outono?

**LXVII**  
Pingan as follas  
soidades boreais,  
noites sen lúa.

**LXVIII**  
Reza o amor  
con razóns, sen razóns,  
súa pregaría.

## **LXIX**

A auga sementa  
de primavera a terra  
para ser flor.

**LXX**  
Espir a mente  
das tebras do desexo.  
Navegar só.

**LXXI**

O lume queima  
noso feliz recanto  
lonxe de nós.

**LXXII**  
Aadar folgos  
nunha eira de castañas  
bebendo o ar.

**LXXIII**  
Volve a memoria  
ser presente, sen alma.  
Futuro morto.

---

*À memoria de Aceredo*

**LXXIV**  
Condenso o vento  
na áncora do sentir  
para emerxer.

**LXXV**  
Vou devagar  
polos camiños ávregos  
do sufrimento.

## **LXXVI**

Tremen os gallos  
a un CEO de emoción  
de amor cuberto.

**LXXVII**  
Histeria infame.  
Precipicio no acougo  
do raciocínio.

## **LXXVIII**

A dor non prende  
nas arelas de amar.  
Rompe esas pontes.

**LXXIX**  
Ó lonxe voan  
estacións desprendidas  
por novos tempos.

**LXXX**  
Morno é o canto  
nas tardes deste outono  
que nunca chega.

**LXXXI**  
As faragullas  
do sentir depositanse  
na dor da pedra.

**LXXXII**  
Ouvea o lobo  
nas noites dos outonos  
chamando o frío.

**LXXXIII**  
Peles tocándose,  
sentíndose auga morna  
de sangue doce.

**LXXXIV**  
O mar secouse  
no ceo, nos ollares  
do home terra.

**LXXXV**  
A rúa vístese  
de luces incoloras.  
Soños baleiros.

**LXXXVI**  
Mares de inverno  
na ilusoria soidade  
do pensamento.

**LXXXVII**  
A pedra acolle  
a escrita duradeira  
en riscos mudos.

**LXXXIII**  
Os pés retidos  
sobor de follas brancas.  
Mudo silencio.

**LXXXIX**  
Prendeu de lava  
o azul de ondas mariñas  
lonxe do mar.

**XC**  
Risco camiños  
nun verde imaxinario.  
Dureza gris.

## **XCI**

Pérdense os pasos  
nas cores deste outono  
procurando auga.

**XII**  
A vida é todo.  
Respecto á natureza  
dispar e igual.

**XCIII**  
Metamorfose  
de voces agochadas  
en liñas pétreas.

**XCIV**  
Imperativo  
é voar núos de ás  
en ceos brancos.

**XCV**  
Invoco os soños  
como realidade única  
á que aferrarse.

**XCVI**  
Quen prende a boca  
do farsante e ruín  
home de palla?

**XCVII**  
Versos opúsculos  
ciscados en capítulos.  
Folla en outono.

**XCVIII**  
Premer a vida  
de inesquecibles intres.  
Fuxir do averno.

## **XCIX**

Pegan as follas  
súa certa caída.  
Caduca o sol.

**C**  
Aire de inverno  
chamando na xanela  
desconsolado.

**CI**  
Cativa arela  
en corazón enorme.  
Sorriso da alma.

**CII**  
Arden sentires  
con lumes inflamados  
polo capricho.

**CIII**  
Comeza o fin  
dun novo e seco inverno.  
Irto solsticio.

**CIV**  
Vivos instantes  
de palabras sen voz  
xemendo gozos.

## **CV**

Luces de cores.  
Imperios de cartón.  
Todo soidade.

**CVI**  
Noite de ausencias  
con infindas presencias.  
Latexo unísono.

## **CVII**

Pechamos círculos  
pintados na pel núa,  
arrefecida.

**CVIII**  
Pingan as tellas  
memorias doutros tempos.  
Bágoas frías.

**CIX**  
Cultivo flores  
de inverno nun xardín  
repleto de almas.

**CX**  
Trazo en soidade  
un verso sen agullas  
retendo o tempo.

**CXI**  
As periferias  
da razón emerxían  
sen voz da ría.

**CXII**  
Íspese o Quinxo  
do seu saio de inverno.  
Feble ilusión.

## **CXIII**

A Santa Eufemia  
retén nosos sentires  
e olla por nós.

---

A miña nai

**CXIV**  
Prenden os gallos  
a luz da vida eterna.  
Sombra de nós.

---

Ao carballo do Santo

**CXV**  
Rezos impíos  
a un CEO inalcanzable.  
Reflexo noso.

**CXVI**  
Cumio de pedra,  
latexo do Xurés.  
Nosa Señora.

---

Á Virxe do Xurés

**CXVII**  
Brazos de terra.  
Sostén do meu universo  
morno. San Pedro.

---

A San Pedro de Ludeiros

**CXVIII**  
A terra é leve  
para o corpo pesado.  
Cinsa de nós.

**CXIX**  
Dilúo fendas  
nas quenllas de Ludeiros  
buscando ó neno.

**CXX**  
O fin é fin.  
Quen sabe se dun novo  
brotar sen fin.

**Si cantas, es ti que cantas**

*A Rosalía de Castro por sempre.*

**CXXI**  
Sementa a terra  
flores sen estacións.  
Cura emocións.

**CXXII**  
Perdo a razón  
nas palabras escritas  
que non son verso.

**CXXIII**  
Quen interfire  
no silencio onde amamos  
para atronarnos?

**CXXIV**  
Brinquei cun verso  
nos teus beizos enxoitos.  
Afoguei en ti.

**CXXV**  
Abrazar a auga  
vertida nas meixelas  
do sentimento.

---

A meu pai

**CXXVI**  
A sensación  
de buscarnos na noite  
descompoñéndonos.

**CXXVII**  
Nos aloumiños  
do vento fica activo  
noso desexo.

**CXXVIII**  
Sorrir á noite  
sabéndose invisíbel  
aos teus ollos.

**CXXIX**  
Non gardo nada  
nesta pel de desexos  
arrefecidos.

**CXXX**  
Quen se recolle  
na brancura dun pétalo  
que nunca morre?

**CXXXI**  
Xiran as verbas  
no corazón dun disco  
atado ó tempo.

**CXXXII**  
Datas sen máis.  
Recoller con angazos  
follas caídas.

**CXXXIII**  
Antes de min,  
nada. Despois de min,  
outra vez nada.

**CXXXIV**  
Somos inverno.  
Árbores derrotadas  
pola soidade.

**CXXXV**  
Almas envoltas,  
enchoupadadas de cinsa.  
Noite no día.

**CXXXVI**  
A noite loce  
o reflexo da lúa  
no saio da auga.

**CXXXVII**  
Vasos sen fondo  
recollen sentimientos  
que nunca volven.

**CXXXVIII**  
Compro palabras.  
Vendo sentidos versos.  
Fico sen nada.

**CXXXIX**  
O tempo xira  
pechado, sen deterse.  
Conxuga todo.

**CXL**  
Que nos obriga  
a deitar en silencios  
tantos latexos?

**CXLI**  
Queimamos anos  
procurando unha voz  
descoñecida.

**CXLII**  
Abraza a noite  
estes corpos de amor  
e algo de sexo.

**CXLIII**  
A liña oblicua  
do pracer é o pecado  
que nunca chega.

**CXLIV**  
Saltan as bágoas.  
Despídense as palabras.  
Fica o silencio.

**CXLV**  
Arde esa leña  
na pedra da esperanza.  
Consola a vida.

**CXLVI**  
Noites enxoitas.  
Sentimento enchoupado  
da nosa ausencia.

**CXLVII**  
Que nos desculpa  
de existir? Os latexos  
que conxugamos.

**CXLVIII**  
Nada retén  
na memoria do esquezo  
o que se foi.

**CXLIX**

Levouno o mar  
celoso do seu canto  
polas sereas.

---

A Paco Souto, poeta das mareas

**CL**  
Noso verde ouro  
consúmese esquecido  
pola soberbia.

**CLI**  
Secamos ríos  
sen mollarnos a pel,  
para afogarnos.

**CLII**  
Conquiero mares  
en min intransitables.  
Arribo velas.

**CLIII**  
Caduca o medo,  
renovado en valores  
de negro medo.

**CLIV**  
Sentir na pedra  
o latexo que chama  
dende o silencio.

---

À poesía

**CLV**  
Froito esmagado  
con pés encalecidos.  
Sangrado zume.

---

Á vendima

**CLVI**  
Negras bateas  
peiteándose ó sol  
da verde ría.

---

Á ría de Vigo

**CLVII**  
Outros amores  
coallarán na pel fría,  
espida á vida.

**CLVIII**  
Todo é privado  
no eido do corazón  
que sofre só.

## **CLIX**

Foise o serán  
collido á noite clara  
para ser lúa.

---

Á memoria de meu avó Manuel Pementa

**CLX**  
Nada me pagan.  
Cada palabra é todo  
tan pouco amado.

**CLXI**  
Nos eidos ermos  
resiste a miña infancia  
esmorecida.

**CLXII**  
Que nos levou  
á derrota sentida  
do corazón?

**XCLXIII**  
Traballo a terra  
que acollerá estas cinsas  
súas, prestadas.

---

A Ludeiros

**CLXIV**  
Lonxe está a lúa  
dos latexos sentidos  
fóra da noite.

**CLXV**  
Cantos pecados  
enchen este baleiro  
sen fondo certo.

**CLXVI**  
Escoito a paz  
no silencio das verbas  
que me transitan.

**CLXVII**  
Logo do amor  
fica a necesidade  
espindo versos.

**CLXVIII**  
Hoxe nacemos  
renacemos de ti,  
en ti ficamos.

**CLXIX**  
Onde estarán  
eles, os meus avós  
que non me guían?

**CLXX**  
Un intre, agás  
un só intre, e todo acaba.  
Silencio infindo.

**CLXXI**  
Voltas e voltas.  
Xirar sen ir a algures.  
Onde está algures?

**CLXXII**  
Estas paredes  
falan outros idiomas  
descoñecidos.

**CLXXIII**  
Coller os gromos  
ofrecidos no gozo  
morno da lingua.

**CLXXIV**  
Quen se deixa ir  
polas esclusas do amor  
do noso sexo?

**LCLXXV**  
Que foi de nós,  
das palavras antergas  
que se evaporan.

**CLXXVI**  
Quen quixo ser  
en terra fértil verde  
herba, e ficou ermo?

**CLXXVII**  
Retorno ó río  
para afogar en ti.  
Manancial puro.

---

Ao Val do Limia asolagado

**CLXXVIII**  
O calafrío,  
ardido en nós, soñando  
ser lume eterno.

## **CLXXIX**

Así, sen máis,  
caducamos as follas  
do noso tempo.

## **CLXXX**

As cores mancan  
os ollares da xente  
que aínda sente.

**CLXXXI**  
Quero sentir,  
soamente sentir  
alén de min.

**CLXXXII**  
O vento funga  
a soidade da xente  
para que esperte.

**CLXXXIII**  
Pedimos choiva  
e recollemos bágoas  
de dor e sangue.

**CLXXXIV**  
Fica en nós todo  
o que pasamos xuntos  
e nos mantén.

**CLXXXV**  
Cabe no bulso  
todo o que o home ten,  
canto desexa.

**CLXXXVI**  
Quérote inverno.  
Choiva afogando o sexo.  
Lareira acesa.

**CLXXXVII**  
Aqueles mozos  
do tempo gorentoso,  
onde ficaron?

**CLXXXVIII**  
Perdo a razón  
no camiño á dozura  
do que me ofreces.

**CLXXXIX**  
O ceo marca  
a distancia da vida  
e a ilusión.

**CXC**  
Fatigo os días  
na barriga dos pés  
sen dar un paso.

**CXCI**  
Repouso os dedos  
nas pedras das paredes  
feitas por ti.

---

A meu pai

**CXII**  
Augas revoltas,  
ventos entolecidos.  
Primavera irta.

**CXCIII**  
Poema. Verme  
que enteiro me habitas.  
A ti pertenzo.

**CXCIV**  
Non era o sol  
o que cega esta sombra.  
É o que preciso.

**CXCV**  
Ciscar negrura  
no sentir dunha terra  
que brúa soa.

**CXCVI**  
As sombras ispen  
de verdade esta noite  
falta de amor.

**CXCVII**  
Cabalos negros.  
Negros cabalos corren  
cara ningures.

**CXCVIII**  
Os soños, irtos.  
As palabras, caladas.  
O home, preso.

## **CXCIX**

O peso medra  
no corazón doído,  
na alma que agarda.

**CC**  
Camiños secos  
no inverno desta terra  
sen primaveras.

**CCI**

Sentado no ar  
do Corete do Santo,  
respiro a vida.

**CCH**  
Lindoso amado.  
Berce noso, dos nosos.  
Raizame eterna.

**CCIII**  
O eco da fala  
vaise afogando en Vigo  
neste mar de ondas.

**CCIV**  
Reter a luz  
no pensamento da auga.  
Bicar teu ceo.

**CCV**  
Cando asubían  
pequenos mequetrefes,  
méxese o mundo.

**CCVI**  
Ollamos nubes  
pasar tan preto nosa;  
de nós tan lonxe.

**CCVII**  
Cavar o tempo  
nas leiras do destino  
sen saber nada.

**CCVIII**  
Ollos de inverno,  
de verde pranto enxoito,  
de luz na boca.

**CCIX**  
Colapsa o mundo  
coa natural forza  
que non se toca.

**CCX**  
Rachar a pedra  
sen ferir o equilibrio  
do que latexa.

**CCXI**  
Sentir a pel  
como codia de pan  
na boca augada.

**CCXII**  
Agarro ás mans  
ó mundo que non teño  
e levo dentro.

**CCXIII**  
Perdemos todo  
na boca da ilusión  
que só é veneno.

## **CCXIV**

Digo: esta noite.  
Fico desposuído  
da escuridade.

**CCXV**  
Pedimos almas,  
corazóns que nos queiran,  
algo de vida.

**CCXVI**  
Xiro os rodicios  
coa forza do verso  
onde me moio.

**CCXVII**  
Sentirse igual,  
parte dun mesmo corpo  
republicano.

**CCXVIII**  
Imos deixando  
ermar todo sen nós,  
sen os latexos.

**CCXIX**  
Deixo pasar  
o inverno nas meixelas  
para agromar.

## **CCXX**

Rompemos a alma  
sen cultivar o péntalo  
que leva dentro.

**CCXXI**  
Calamos todo.  
Ferimos o silencio  
sen decir algo.

**CCXXII**  
Que razón temos  
para agardar do ceo  
unha esperanza?

**CCXXIII**  
Soñan os versos  
ser manancial na túa  
boca de abril.

---

Ao pobo portugués

**CCXXIV**  
O lume móenos  
sen deixar cinsas nosas  
na longa pedra.

**CCXXV**  
Outros virán  
empurrando o inverno  
das nosas vidas.

**CCXXVI**  
Non me despido  
de min, porque non podo.  
Tampouco quero.

**CCXXVII**  
A sementeira  
dos corpos sen futuro  
que agardan todo.

**CCXXVIII**  
Doce é a lúa  
no pensamento da auga  
onde se afoga.

**CCXXIX**  
A dor non é  
proporcional á pena.  
Nunca remata.

**CCXXX**  
Estou calado  
roendo o podre mundo  
das inxustizas.

**CCXXXI**  
Non se desanda  
ningún camiño aberto  
no pensamento.

**CCXXXII**  
Bicar a area  
eternamente xuntos.  
Ti más eu nun.

---

A MariPaz

**CCXXXIII**  
Presinto a noite  
sen ti, sen o meu corpo  
que é alma túa.

**CCXXXIV**  
Choveu no maio  
outro ano en min, enxoito,  
lonxe de min.

**CCXXXV**  
Ogallá nunca.  
Nunca sexamos más.  
Máis ca ninguén.

**CCXXXVI**  
Moro tan lonxe  
de min que nin existo.  
Exilio espazo.

## **CCXXXVII**

Sopramos tempo,  
velas dunha gamela  
que encaia dentro.

**CCXXXVIII**  
Tremen os dedos  
coa ausencia da pel  
en tanto escriben.

**CCXXXIX**  
Da mesma cerna.  
Xuntos polo destino.  
Querer eterno.

---

A miña nai

**CCXL**  
Atado ó verso.  
Semente do futuro  
que me sostén.

## **Rentes ó sol pousado**

*Na memoria dos meus avós:  
Pepa da Celedonia e Manuel “Chencho”,  
Pepa do Pementa e Manuel Pementa.*

**CCXLI**  
Venden nosa alma  
a quen sementa estériles  
cantos alleos.

**CCXLII**  
Vemos veneno  
roendo cada miolo  
ata secalo.

**CCXLIII**  
Premer cos dedos  
cada necesidade  
da túa pel.

**CCXLIV**  
Temos palabras,  
versos que nos describen.  
Apenas nada.

**CCXLV**  
Podemos ir  
pasenião, agarrados,  
ser un só corpo.

**CCXLVI**  
Milagre é crer.  
Crer nalgo noso. Crer  
que vai con nós.

**CCXLVII**  
Ollos de medo.  
Bágoas de terror.  
Infancia morta.

**CCXLVIII**  
Somos o mesmo  
latexo conxugado  
en nós os catro.

---

A familia

**CCXLIX**  
Cristalizamos  
as horas que nos quedan.  
Tempo convexo.

**CCL**  
Meu ben enteiro.  
A lingua non se cala.  
Esta é nosa alma.

---

Ás Letras Galegas

**CCLI**  
Recolle a noite  
nosos corpos de pel  
feitos de sombras.

**CCLII**  
Observo, calo.  
Silencio é poesía  
en explosión.

**CCLIII**  
Outra vez só  
gardando o meu rabaño  
de pensamentos.

**CCLIV**  
Os libros falan  
de nós, do noso verbo  
que foi silencio.

**CCLV**  
Sabes a mel,  
boca miña onde afogo  
cada silencio.

**CCLVI**  
Nun intre pérdese  
a forma das palabras.  
Todo é silencio.

**CCLVII**  
Falán os ollos  
a dor que sente o corpo  
calada e fría.

**CCLVIII**  
Rubir ó amor  
que se atopa no teito  
inalcanzable.

**CCLIX**  
A señardade  
fica na cor das fotos,  
na súa pátina.

**CCLX**  
Penso no neno,  
no neno dos avós.  
Onde fiquei?

**CCLXI**  
De mollo o sal  
do corpo da pirâmide  
para ser mar.

**CCLXII**  
Babexan ledos  
acariñando a dor  
que traguerán.

**CCLXIII**  
Serven á causa  
con fe cega, cegados  
pola ira estéril.

**CCLXIV**  
Letras sen fin  
agardando por almas  
ata o seu fin.

**CCLXV**  
O mar é plástico.  
A auga tamén é plástico.  
Seremos plástico.

**CCLXVI**  
Os pés escriben  
un capítulo novo  
en cada paso.

**CCLXVII**  
Incomprendidos.  
Na soidade da pel  
só hai unha viaxe.

**CCLXVIII**  
O libro cala  
estas letras sen fala  
con algo de alma.

**CCLXIX**  
Morro nas rúas  
atando estas palabras  
para entregarchas.

**CCLXX**  
A forza corre  
nas liñas destes versos  
cativos, mí nimos.

**CCLXXI**  
A fiestra garda  
a cor da luz baleira  
e sosegada.

**CCLXXII**  
A calma medra  
devagar e remata  
soa no mar.

**CCLXXIII**  
Chove na noite  
deste escuro tellado  
sen retellar.

**CCLXXIV**  
Pasenijo arde  
o tempo no camiño  
sen auga e viño.

**CCLXXV**  
Pequenas codias  
rentes ó sol pousado  
no mar sen fondo.

**CCLXXVI**  
Cada palabra,  
cada xesto espontáneo  
semella un haiku.

**CCLXXVII**  
Na calma, mar.  
Mar na necesidade  
de ficar, mar.

**CCLXXVIII**  
Canto valemos  
no mercado da vida?  
Tanto consumas!

**CCLXXIX**  
O orfo camiño  
á Fonte do Eido espera  
por nós sen tempo.

---

Á avoa Pepa da Celedonia

**CCLXXX**  
Calo, sen máis.  
O silencio completa  
o meu discurso.

**CCLXXXI**  
Sentir é todo.  
Vivimos precisando  
sentir, sen más.

**CCLXXXII**  
Cómpre coidado  
cos años agochados  
no monte tépedo.

**CCLXXXIII**  
Os pés non chegan  
para pisar o ceo  
que nos separa.

**CCLXXXIV**  
Pensar en nada  
tantas veces me salva  
de pensar algo.

**CCLXXXLV**  
Parte do inverno  
vai ficando na pel  
que imos perdendo.

**CCLXXXVI**  
Doen os cortes  
da traizón maquinada  
para sangrarnos.

**CCLXXXVII**  
Esta é a luz  
que precisa miña alma  
tan delicada.

**CCLXXXVIII**  
Arden as pedras  
nos pés de Compostela.  
Ceo estrelado.

**CCLXXXIX**  
Agarda a letra  
o verso inmorredoiro.  
A alma é poeta.

**CCXC**  
Manteño o sol  
atado ó cristalino  
onde medraba.

**CCXCI**  
Todo é pasado.  
O presente caduco  
pasado está.

**CCXII**  
Navega a lúa  
nunha dorna de escuma  
no seu mar, soa.

**CCXCIII**  
Warhol non pinta  
noites escuras, Andy  
inventa a cor.

---

A Andy Warhol

**CCXCIV**  
Vertemos bágoas  
de sol no corpo aberto  
á luz perdida.

**CCXCV**  
O pasaxeiro  
do billete caduco.  
Tempo emprestado.

**CCXCVI**  
Abafo en min  
todo o que sen min penso  
e nada vale.

**CCXCVII**  
O tempo frío  
é o que fica na gorxa  
chamando ó gando.

**CCXCVIII**  
O corpo quere  
corpo. Enerxía allea  
que nos revive.

**CCXCIX**  
Facemos xuntos  
un único camiño  
inmorredoiro.

---

Para Pedro

**CCC**  
Traballo cada  
verso coma se fose  
o derradeiro.

**CCCI**  
Atalla o corpo  
o desgaste da vida  
pechando os ollos.

**CCCII**  
Todo estremece  
a dor nos pensamentos  
estremecidos.

---

A Lois Pereiro, Florbela Espanca e Baudelaire

---

**CCCIII**  
Fica o canastro  
baleiro do seu ser  
sen pretendelo.

**CCCIV**  
Descoñecémonos.  
Estrañamos o corpo  
no que vivimos.

**CCCV**  
Porque sentimos  
o aloumiño na voz  
e no silencio.

---

A miña nai

**CCCVI**  
A vaidade é  
esa sombra sen fin  
que nos arrasta.

**CCCVII**  
Perdida a cerna  
nunca seremos froito  
en terra allea.

---

Na memoria de meu avó Manuel “Chencho”

**CCCVIII**  
Repoño os pés  
descalzo nesta terra  
que levo en min.

---

Na memoria de miña avoa Pepa do Pementa

**CCCIX**  
Tiramos terra  
dos ollos que nos cegan  
de nós tan lonxe.

**CCCX**  
Eternamente  
gárdanos do silencio,  
de ficar mudos.

---

A Rosalía de Castro

**CCCXI**  
Quero chegar  
á orbita do imposible  
da man collidos.

**CCCXII**  
Medro neste ar  
no que me cisco enteiro  
para ser nada.

---

A Ludeiros

### **CCCXIII**

Premo o que penso  
e non abrolla nada  
que me encha enteiro.

**CCCXIV**  
Tiña ollos de auga  
afogando na noite  
deste solpor.

**CCCXV**  
Tiña pensado  
trazar liñas na area,  
borrar o tempo.

**CCCXVI**  
Nas Catedrais  
tremen os alicerces  
de Breogán.

**CCCXVII**  
Calan as falas  
na fronteira tronzada  
pola xenreira.

**CCCXVIII**  
As xentes flúen  
atadas a un destino  
que descoñecen.

**CCCXIX**  
Peregrinar  
pola arteria de pedra  
para afogar.

**CCCXX**

Ollan de esguello  
e calan a negrura  
que moe dentro.

**CCCXI**  
A ferida é  
sentir a voz do mar  
aquí, asubiando.

**CCCXXII**  
Morrer de día  
entregándose ó sol  
é renacer.

**CCCXXIII**  
Indiferenza.  
A quen lle importa a voz  
de quen escribe?

**CCCXXIV**  
Prende o tizón  
e afoga o lume. Fumo  
de emborrallar.

**CCCXXV**  
Navegar só  
despregando a razón  
do horizonte.

**CCCXXVI**  
As moscas calan  
coa merda do mundo  
debaixo delas.

**CCCXXVII**  
Nada se perde  
na auga que corre libre  
por esta terra.

---

A Galicia

**CCCXXVIII**  
Subir, baixar,  
e subir, e baixar.  
Sen mar, bogar.

**CCCXXIX**  
Non estou só.  
A noite amosa estrelas  
para que eu soñe.

**CCCXXX**  
A natureza  
acende as sinerxías  
cando a sentimos.

**CCCXXXI**  
Todos collidos  
sen rozarnos a pel  
encalecida.

**CCCXXXII**  
E despois, nada.  
Tanto traballo en van  
sirve para algo?

**CCCXXXIII**  
Outro camiño  
se pecha en cada boca  
que non bicamos.

**CCCXXXIV**  
A anguria cuspe  
no pensamento groso,  
interesado.

**CCCXXXV**  
Tanto ten algo,  
coma nada ten algo  
que nada ten.

**CCCXXXVI**  
Estou perdido  
nun mundo sideral  
onde me escribo.

**CCCXXXVII**  
Cativa, escura,  
razón de tantas crenzas.  
Guadalupe obra.

**CCCXXXVIII**  
Abrir os ollos  
á escuridade branca  
e comprender.

**CCCXXXIX**  
Predico un credo  
sen acólitos presos  
polo seu influxo.

**CCCXL**  
Onde foi o lume,  
a labarada eterna  
dos nosos corpos?

**CCCXLI**  
A terra é nosa.  
Labregos pola estirpe  
que nos mantén.

**CCCXLII**  
Que gando ornea  
na corte da memoria  
que aínda vive?

**CCCXLIII**

Por que me fun  
da cerna do que son,  
e sigo sendo?

**CCCXLIV**  
Nunca estarás  
só na soildade fría.  
Raíz de canto.

---

A Federico García Lorca

**CCCXLV**  
A agulla segue,  
Miramontes-Casal,  
cosendo a terra.

---

A Ánxel Casal

**CCCXLVI**  
Reollo a luz  
cada intre desta vida  
antes se apague.

**CCCXLVII**  
Arrinco a pel  
húmida dos espellos  
que me delatan.

**CCCXLVIII**  
Salto portelos,  
rememoro a infancia.  
Procura inútil.

**CCCXLIX**  
Turro do ceo  
onde debuxo espido  
versos nun lenzo.

**CCCL**  
Sopran raizames  
na alma erguida nos foles  
de vento Atlántico.

**CCCLI**  
Noso mundo é  
mentira. Só enganamos  
a inexistencia.

**CCCLII**  
A pel do demo  
préndenos deste vidro  
mesmo escravista.

**CCCLIII**  
Noite de branco  
preñando o ceo escuro.  
Lúa de esperma.

**CCCLIV**  
Albisco o medo  
nos coios resentidos  
do corazón.

**CCCLV**  
O intre de dor  
retido eternamente,  
agarda á vida.

---

Á memoria dos asasinados polo fascismo

**CCCLVI**  
Somos o froito  
dun futuro entregado  
á transparencia.

**CCCLVII**  
Hai un vento suave  
en San Breixo nas tardes  
do fin de agosto.

---

A Celso Emilio Ferreiro

**CCCLVIII**  
Mañá onde fica?  
Existimos ou non  
somos ninguén?

**CCCLIX**  
Cestar a esencia  
murmurando no bico  
noso respecto.

**CCCLX**  
Estrugar corpos  
coa luz dos pés quentes.  
Zume de vida.

**CCCLXI**  
O pensamento  
entrégase á razón  
interrogando.

**CCCLXII**  
Como ato o tempo  
que foxe de min, libre?  
Quen o retén?

**CCCLXIII**  
A bolboreta  
descobre o ar nadando  
nun mar de vento.

**CCCLIV**  
Versos son fame,  
fame insaciábel, nova,  
por sempre nosa.

**CCCLXV**  
Remato como  
comecei. Procurando  
na nada o verso.

**CCCLXV + I**  
Este caderno  
de versos e metáforas  
florece só.

## Biografía

Suso Díaz, 1 de maio de 1971, Ludeiros - Lobios- Ourense.

No ano 2019 publico *Pedro*. Ediciones Liliputienses. Tamén publico *A utopía que diluíu o vento*. 56 poemas inspirados no Couto Mixto. Edicións Positivas.

No ano 2018 coordino e edito *En el vuelo de la memoria. Antología para Ángel Campos Pámpano*, 78 poetas homenaxeán ao escritor estremeño partindo dalgún dos seus versos. No libro empregase o español, portugués, galego, catalán e francés. Editora Regional de Extremadura.

No ano 2017 publico *O sol dentro da cabeza*. 76 poemas feitos a partir da obra narrativa de Carlos Casares. Edicións Laiovento. Tamén coordino e edito a antoloxía *Salgueiro Maia. A liberdade non é unha utopía*. Ediciones Liliputienses.

No ano 2016 publico *Sofía*. Ediciones Liliputienses.

No ano 2015, xunto a Helena Villar Janeiro coordinamos e editamos o libro *6 poemas 6. Homenaxe a Federico García Lorca*. Biblos Clube de Lectores. Nese mesmo ano tamén coordino e publico nunha edición electrónica o libro colectivo *150 Cantares para Rosalía de Castro*.

Xunto a miña compañeira MariPaz diriximos, na radio, o programa de poesía *La voz en espiral*, en Español, Galego e Portugués.

Na rede manteño o caderno persoal [www.susodiaz.gal](http://www.susodiaz.gal). E con MariPaz o caderno de poetas galegos contemporáneos *As escollas electivas*.

Este libro  
publícase o 25 de marzo do 20,  
data do pasamento  
de Ricardo Carvalho Calero,  
baixo o confinamento pola pandemia do  
Coronavirus  
nalgún lugar chamado  
**POESÍA**